

28/
29/06
30/

Curso UNED: O Duque de Lancaster: Inglaterra e o Viño do Ribeiro

Este curso, en horario de mañá e tarde, pretende achegarnos á época no que os ingleses ocuparon Ribadavia e cómo se reflexou na exportación e comercialización do viño, combinando conferencias de profesores e especialistas na materia con unha visita didáctica polo Ribeiro e unha mesa redonda - debate.

Director: *Profesor Dr. Enrique Cantera Montenegro.*

Coordinador: *Profesor Dr. Anselmo López Carreira.*

Organiza: *UNED de Ourense e o Centro de Estudios Medievais de Ribadavia*

LUGAR: CASA DA CULTURA DE RIBADAVIA

Datas: 28, 29 e 30 de xuño de 2011.

HORARIO:

Día 28 de xuño: 16:00 ~ 21:00 h.

Día 29 de xuño: 09:30 ~ 14:30 h. / 16:00 ~ 21:00 h.

Día 30 de xuño: 09:30 ~ 14:30 h.

Colaboran: Concello de Ribadavia, Ruta do Viño do Ribeiro, Consello Regulador da D.O. Ribeiro, Deputación Provincial de Ourense, Fundación Festa da Istoría e o Centro de Estudios Medievais de Ribadavia.

Cata Oficial

28/06

A Cata Oficial dos Viños do Ribeiro está organizada polo Consello Regulador. Nesta cata só participan os viños presentes na Feira e que as propias adegas presentan a concurso. Esta cata, que se realiza a cegas, sen ver a marca, por catadores expertos, consta de dúas fases: unha precata sobre mostras recollidas nas adegas por unha comisión que verifica a presenza duns volumes mínimos e da que se seleccionan os viños finalistas, e unha cata final cos viños finalistas, que se recollen anonimamente en mercado por inspectores do Consello Regulador.

01/07
02/

Cata Popular

A Cata Popular da Feira do Viño está organizada polo Consello Regulador. Está dirixida ao público en xeral e a súa orixinalidade radica en que o público é o que cata e premia os mellores viños segundo o seu criterio. As marcas participantes son as presentadas polas adegas presentes na feira e serán catadas a cegas, é dicir, sen coñecer o nome do viño. Dela sairán galardoados os mellores viños así como os mellores catadores.